



## II NADA E CORRE CONCELLO DE MUROS (Zona Sur)

### REGULAMENTO

#### 1. ORGANIZA

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno

Concello de Muros

#### 2. COLABORA

Secretaría Xeral para o Deporte

Protección Civil de Muros

GES Muros

Policía Local de Muros

#### 3. DATA, HORA E LUGAR

Sábado, 26 de novembro de 2022

Piscina Municipal de Muros

- Quecemento probas natación: 9.00 h
- Inicio probas natación: 10.00 h
- Inicio probas carreira a pé: 12.30 h

#### 4. SECRETARÍA COMPETICIÓN

Piscina Municipal de Muros (coordenadas 42°47'18" N, 9°04'07" W)



## 5. PARTICIPANTES ZONA 2

Ourense Provincia - Pontevedra Provincia - Ribeira - Santiago - Vedra - Costa da Morte

## 6. PROBAS E HORARIOS

CATEGORÍAS	ANOS	NATACIÓN	*HORARIOS	CARREIRA	**HORARIOS
PREBENXAMÍN	2015 – 2016*	25 m	10:00 h	250 m	12:30 h
BENXAMÍN	2013 - 2014	50 m	10:15 h	500 m	12:45 h
ALEVÍN	2011 - 2012	100 m	10:30 h	500 m	13:30 h
INFANTIL	2009 - 2010	200 m	11:00 h	1000 m	13:45 h
CADETE	2007 - 2008	300 m	11:45 h	1500 m	14:00 h

\* a partir de 6 anos cumpridos

\*\* Horarios aproximados

## 7. INSCRICIÓNS

- Apertura das inscricións: martes, 25 de outubro de 2022 (10:00 h)
- Peche das inscricións: martes, 22 de novembro de 2022

### 7.1. DEPORTISTAS CON LICENZA FEGATRI EN VIGOR

Formalizarase a través da páxina Web: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org) , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados en cada caso.

### 7.2. DEPORTISTAS SEN LICENZA EN VIGOR (LICENZA TEMPORAL DE 1 DÍA)

A inscrición realizarase en liña, a través da web da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións: "Regulamentos/Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN".

Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/09/Ficha-menores-de-14-anos-act-xogade.docx>

## 8. TEMPOS DE NATACIÓN



Para poder validar a inscrición na proba, será obrigatoria a introdución dos tempos de natación, na distancia correspondente, para elaboración das series (minutos e segundos no formato (0000). O tempo introducirase só cos catro díxitos seguidos. Dous díxitos de minutos e dous díxitos de segundos a continuación sen ningún tipo de puntuación)

#### 9. TÉCNICO/A RESPONSABLE

Cada club deberá designar unha persoa Técnica/Delegada, con licenza federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións, no apartado de acreditacións.

#### 10. COMUNICACIÓN DE BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 h do xoves anterior á proba (24 de novembro de 2022). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas con 2 €.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A lista definitiva de inscritos publicarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba (24 de novembro de 2022).

A devolución das baixas comunicadas en prazo será realizada na mesma tarxeta de abono a través de TPV na semana seguinte á proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

#### 11. CRONOMETRAXE

A cronometraxe será manual nas probas de natación e electrónica nas probas de carreira.

#### 12. SAÍDA E META DA CARREIRA A PÉ

Piscina Municipal de Muros



### 13. RECOLLIDA DE SERIES, DORSAIS E COMUNICACIÓN DE NON PRESENTADOS:

Na secretaría de competición de 09:00 a 9:45 h o mesmo día da proba

### 14. PREMIOS

Medallas aos 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo.

### 15. NORMAS DE COMPETICIÓN

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI.

[https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/nada\\_corre\\_2020-2022.pdf](https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/nada_corre_2020-2022.pdf)

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2022/02/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2022.pdf>

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de circulación e seguridade viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen á organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

### 16. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS DEPORTIVOS

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En todos os casos o vehículo terá preferencia sobre as persoas participantes, os que deberán ceder o paso.



Os/as participantes, contarán co correspondente seguro deportivo.

<https://fegatri.org/seguro-deportivo/>

## 17. RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

## 18. CIVISMO E RESPECTO

Os/as participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir todos os tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométense tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

Nota:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente ás persoas interesadas, calquera aspecto deste regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

## 20. RECOLLIDA DE DORSAIS E ACREDITACIÓN

Os dorsais serán entregados ao/á adestrador/a responsable de cada club ou a nai/o pai no caso de que a persoa participante non sexa de ningún club. Os/as deportistas levarán a súa acreditación para poder acceder á instalación.



## 21. NORMAS XERAIS

A proba rexerese polas normativas vixentes da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.

[https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/nada\\_corre\\_2020-2022.pdf](https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/nada_corre_2020-2022.pdf)

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2022/02/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2022.pdf>

Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo, conformadas en base aos tempos enviados.

A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

É de obrigatorio cumprimento para todas as persoas involucradas no desenvolvemento do evento dar cumprimento á normativa vixente da instalación e da Federación Galega de Triatlón en relación á prevención da propagación da COVID-19 .

- Manter a distancia interpersoal de 1.5 m en todo momento salvo durante a practica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Recoméndase o uso de máscara en espazos onde non se poida manter a distancia interpersoal
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

### 21.1. INSTALACIÓN PISCINA - NATACIÓN

- Será obrigatorio o uso de chancletas en todo momento, non se permitirá acceder á praia da piscina a ninguén que non leve chancletas.
- E necesario para poder gardar o material nos armarios do vestiario dispor de 1,00 € ou 0,50 € para o seu uso.
- Ao finalizar a proba os/as nadadores abandonarán a praia da piscina, dirixíndose directamente ao vestiario e posteriormente sairán da instalación.



- Os/as deportistas, en ningún caso poderán quedarse dentro unha vez finalizada a proba de natación da súa categoría.

## 21.2. CARREIRA A PÉ

- Procedemento de saídas

Saída por categorías e xénero, primeira saída masculina, segunda saída feminina con 3 minutos de diferenza.

- Chegada á meta

Pasaran pola carpa de avituallamento

- Plano circuíto carreira

